

ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 21 DE XUÑO DE 1993.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vinteún de Xuño de mil novecentos noventa e tres; ás oito do serán xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Miguel Fidalgo Areda.- Concelleiros: Don Xosé Sotelo Barroso, Don Xosé Prieto Pérez e Don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario accidental, Don Valentín Lorenzo Fariña, funcionario de carreira do Concello.

Aberta a sesión polo Sr. Presidente pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o día 18 de Xuño corrente.

2.- OBRAS MAIORES.-

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Sr. Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva; por unanimidade:

A Don Leandro Cortés González, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Piñeiral, para que no seu inmobile sito na rúa Porta Nova de Abaixo, constrúa un edificio de acordo co proxecto técnico presentado visado o día 23 de Marzo de 1993 e informado

favorablemente pola Comisión de Patrimonio na sesión do 26 do mesmo mes de Maio; as baixantes serán de material similar ó canalón con cubrecaños de fundición de 1,70. Depositará fianza de 100.000 pesetas para responder da reposición de pavimentos na vía pública; instalará vala protectora; no seu día solicitará licenza de fin de obra; forma parte integrante tamén deste acordo unha Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental, que autoriza a realización dunhas sondaxes arqueolóxicas de urxencia no solar no que se vai construír este inmovible, que serán dirixidas por Don Celso Rodríguez Cao, e que se achegan para coñecemento do interesado ós efectos regulamentarios correspondentes. A validez desta licenza é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos de taxas desta licenza, o cal importe é de 155.229 pesetas.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Benito Hermida Atrio, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Rodríguez Moure, nº 14, sobre obras de rehabilitación, reforma e ampliación dun inmovible sito na rúa Praza Maior con fachada tamén a Tomás de Lemos, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda deixalo pendente para un mellor e máis detido estudio.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Dona María Antonia Ruíz Alvarez, veciña de Cangas de Morrazo, con domicilio na rúa Avda. Ourense, nº 59, 2º, sobre obras de reconstrucción do seu inmovible sito na rúa Merelles Caula, nº 8, desta Vila de Ribadavia, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda deixalo pendente para un mellor e máis detido estudio.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito de Don Marcelino Anselmo Moreira Estévez, representado por Don Marcial Soto Rodríguez, veciño de Faramontaos, no Concello de Carballeda de Avia, a Comisión de Goberno acorda autorizar ó mesmo a acometida de auga no inmovible sito na rúa Carballiño, nº 32, 2º, de Ribadavia, para usos domésticos; a instalación levarase a cabo baixo a supervisión do Sr. Encargado do Servicio deste Concello; o interesado fará aboamento da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de taxa, sen o cal requisito esta autorización ficará nula e sen efecto.

Visto o escrito de Don Constantino Mosquera Rodríguez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Oliveira, que fai referencia a que o Camiño da Verdelleira, que leva á súa casa, atópase en malas condicións co gallo dunhas obras levadas a cabo por Don Avelino García Márquez; e visto o informe técnico do Sr. Aparellador Municipal, a Comisión de Goberno acorda comunicar a Don Avelino García Márquez, veciño desta Vila que proceda á limpeza correspondente repoñendo o material arrastrado, executando sendas cunetas.

Visto o escrito de Dona Josefa Rodríguez Alonso, veciña de Francelos, no que prega se lle conceda un posto de venda de produtos conxelados na remodelada Praza de Abastos desta Vila, a Comisión de Goberno acorda comunicar á interesada que no seu intre anunciárase o correspondente concurso para a provision de postos de venda na Praza de Abastos, no cal poderá intervir se así o desexa.

Visto o escrito da Asociación de Pais de Alumnos de E.X.B., desta Vila, no que prega a utilización do Pavillón de Deportes para unha actuación de ximnasia rítmica, a celebrar mañá, día 22, de 5 a 8 do serán, a Comisión de Goberno accede ó solicitado.

A Comisión de Goberno queda enterada dun escrito de Don José Martínez Sánchez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Progreso, nº 17, 1º, no que anuncia que renuncia á concesión dos postos de venda de froitas, números 3 e 4 da planta baixa da remodelada Praza de Abastos, que deixa á disposición libre deste Concello.

Visto o escrito de Don Francisco Alvarez Araújo, veciño de Monforte de Lemos, con domicilio na rúa de R/ Baamonde, nº 18, 3º, que fai referencia a unha sepultura terrea no Cemiterio Municipal desta Vila, a Comisión de Goberno acorda comunicar ó mesmo que debe xustificar documentalmente a súa condición de herdeiro de Don Manuel Alvarez Rey e mesmo se outros posibles herdeiros amosan a súa conformidade a que os recibos de aboamento da taxa pola devandita sepultura poidan ser xirados a nome de Don Francisco Alvarez Araujo.

Visto o escrito de Doña Olimpia Pérez Meiriño, veciña da

Franqueirán, que fai referencia a unha providencia de embargo co gallo das Contribucións Especiais das obras 52/78 e 124/83, Urbanización Camiño San Lázaro e Camiño San Lázaro, respectivamente; e vistas as alegacións que se concretan no referido escrito, que fan referencia a uns acordos con Don José María Vázquez Pérez, Alcalde que foi deste Concello, a Comisión de Goberno fai unha análise fonda do asunto e, na súa virtude, acorda que se proceda á anulación do aboamento do importe das devanditas Contribucións Especiais, compensación a que o Concello non fixo aboamento á interesada do importe do procedemento de expropiación forzosa, segundo a Acta correspondente do Xurado Provincial.

Visto o expediente que se tramita a instancia de Don Ramón Soto Comesaña, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Salgado Moscoso, nº 21, a Comisión de Goberno acorda que pola Policía Local se informe sobre cal sería o número de mesas e cadeiras que se poderían conceder para que non se vise afectado o paso de vehículos na devandita rúa.

Visto o escrito de Dona Xulia Quintas Alvarez, veciña de Ourense, con domicilio en Barrocanes, nº 20, 3º A, no que ofrece os seus servizos de profesora de piano no noso Conservatorio de Música, a Comisión de Goberno acorda comunicar á interesada que se toma nota da súa petición.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Fica enterada a Comisión de Goberno dos seguintes escritos oficiais:

Orde do 28 de Maio de 1993, da Consellería da Presidencia e Administración Pública, sobre axudas económicas dos Padroados Provinciais para a Mellora do Medio Rural.

Do Servicio Provincial de Urbanismo, sobre denuncia promovida por Don Manuel Sánchez González contra Dona Odila González Centrón, en Sampaio.

Escrito de Correos e Telégrafos, sobre información de productos postais e telegráficos.

Escrito do Instituto de Formación Profesional de Ribadavia, sobre prácticas a realizar no Concello pola alumna do mesmo Dona María Lidia Alfaro Vázquez.

Da Federación de Concellos Galegos, sobre mantemento dos centros de ensino e mailo canon de saneamento.

De Diagrama Enxeñería S.L., sobre as deficiencias que se comunican á empresa Alea S.L. na obra Depuradora Residuais en Ribadavia.

Partes de cloración de augas so abastecemento de consumo público.

Visto o escrito da Deputación Provincial, Departamento de Cultura, que fai referencia a que non se soliciten por este Concello actuacións de bandas de música durante os meses de Xullo, Agosto e Setembro do corrente ano, a Comisión de Goberno acorda facer fincapé en que este Concello nunca estivo favorecido pola presenza de bandas de música procedentes do Convenio coa Deputación Provincial, polo cal prega que se contemple a posibilidade de facilitar actuacións destas bandas de música en Ribadavia durante os meses de Outubro, Novembro e Decembro vindeiros nas datas que oportunamente se sinalarían.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Estudia a Comisión de Goberno o tema relacionado coa xubilación do funcionario de carreira deste Concello, Don Segundo Deaño Iglesias.- Vistos os antecedentes do caso, a Comisión de Goberno, por unanimidade, de acordo co artigo 47 da Lei 4/88, do 26 de Maio da Función Pública de Galicia, acorda de oficio a xubilación forzosa do devandito funcionario de carreira con efectos económico-administrativos do día 4 de Xuño corrente, data na que cumpre 65 anos de idade; e que se prosigan os correspondentes trámites que correspondan diante desta declaración.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon.

E sendo as nove e media da noite o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, como Secretario accidental, certifico.-